

cedemento establecido para o seu pagamento así o permita, efectuarase de forma directa.

O retedor ou obrigado a ingresar á conta presentará declaración negativa cando, a pesar de ter satisfeito rendas sometidas a retención ou ingreso á conta, non procedese, por razón da súa contía, a práctica de retención ou ingreso á conta ningún. Non procederá presentación de declaración negativa cando non se satisfixesen, no período de declaración, rendas sometidas a retención e ingreso á conta.»

2. O punto 5 do artigo 101 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«5. As declaracións a que se refire este artigo realizaranse nos modelos que para cada clase de rendas estableza o ministro de Facenda, quen, así mesmo, poderá determina-los datos que deben incluírse nas declaracións, dos previstos no punto 2 anterior, estando obrigado o retedor ou obrigado a ingresar á conta a cubri-la totalidade dos datos así determinados e contidos nas declaracións que lle afecten.

A declaración e ingreso efectuaranse na forma e lugar que determine o ministro de Facenda, quen poderá establece-los supostos e condicións de presentación das declaracións por medios telemáticos e amplia-lo prazo correspondente ás declaracións que poidan presentarse por esta vía, atendendo a razóns de carácter técnico, así como modifica-la contía do orzamento anual e a natureza das rendas a que se refire o parágrafo terceiro do punto 1 deste artigo.»

3. O punto 6 do artigo 101 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«6. A declaración e ingreso do pagamento á conta a que se refire o punto 3.º do artigo 71.2.d) deste regulamento efectuarase na forma, lugar e prazo que determine o ministro de Facenda.»

**Disposición transitoria única.** *Regularización de deduccions por incumprimento de requisitos no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Cando, por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos, se perda o dereito, en todo ou en parte, ás deduccions aplicadas en períodos impositivos iniciados con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002, as cantidades indebidamente deducidas sumaranse á cota líquida estatal e á cota líquida autonómica ou complementaria, do exercicio en que se produza o incumprimento, na mesma porcentaxe que, no seu momento, se aplicou.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e resultará de aplicación ós períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2002, a excepción do disposto en:

a) O artigo sétimo, que será de aplicación ás declaracións correspondentes ós períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2001.

b) O artigo décimo segundo, que será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2003.

Dado en Madrid o 28 de xuño de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Facenda,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**13977** *REAL DECRETO 644/2002, do 5 de xullo, sobre condicións básicas que deben cumprir-los centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ó transporte de gando por estrada.* («BOE» 167, do 13-7-2002.)

Os vehículos de transporte son unha vía frecuente de propagación das enfermidades infecciosas do gando, por isto a desinfección dos vehículos para o transporte de animais constitúe unha medida eficaz para a prevención e loita contra estas enfermidades.

Na Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto do 4 de febreiro de 1955, existen numerosas referencias á necesidade da desinfección como medida preventiva e á súa forma de aplicación, detallando cómo realiza-la desinfección nos diferentes medios de transporte.

Posteriormente, numerosas disposicións fixeron referencia á necesidade da desinfección dos medios de transporte de animais mais sen fixaren medidas concretas para a súa aplicación.

O transporte por estrada é a vía normal pola que se produce a circulación do gando entre comunidades autónomas e no mercado intracomunitario. Por isto faise necesario establecer uns requisitos básicos mínimos, de aplicación a todo o territorio nacional, sobre as condicións dos equipamentos e as instalacións e de funcionamento dos centros dedicados á limpeza e desinfección de vehículos para o transporte por estrada de animais, de forma que permitan asegurar unhas condicións sanitarias mínimas adecuadas neles.

Para o establecemento destes centros de limpeza e desinfección, é conveniente que tódalas administracións públicas poidan fomenta-la súa instalación, ben directamente ben outorgando axudas á iniciativa privada, debéndose ter especialmente en conta a liña de axudas contemplada no título II sobre medidas de desenvolvemento rural do Regulamento 1257/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ó desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e se derrogan determinados regulamentos. Esta liña de axudas foi prevista no noso ordenamento xurídico no Real decreto 117/2001, do 9 de febreiro, polo que se establece a normativa básica de fomento dos investimentos para a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios, silvícolas e da alimentación.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Este real decreto dítase de acordo co disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Fomento, de

s  
acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de xullo de 2002,

## DISPÓN O:

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación e o establecemento das condicións básicas dos equipamentos, instalacións e funcionamento dos centros de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ó transporte por estrada de gando das especies que se recollen no anexo I.

### Artigo 2. *Autorización.*

1. Os centros de limpeza e desinfección serán autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma no ámbito territorial da cal estean situados.

2. Para a concesión da autorización deberán cumprir polo menos os requisitos establecidos por este real decreto.

3. A autoridade competente expedirá un número de autorización a cada centro de limpeza e desinfección autorizado, composto polos díxitos correspondentes á provincia que corresponda, e un número correlativo para cada centro da provincia. Esta autorización poderase limitar a unha ou varias especies particulares ou a determinadas categorías ou estatuto sanitario dos animais, así como suspenderse ou revogarse en función da situación sanitaria da zona de localización do centro de que se trate.

### Artigo 3. *Requisitos mínimos para a autorización.*

Para poderen ser autorizados pola autoridade competente, os centros de limpeza e desinfección deberán reunir, ó menos, os seguintes requisitos:

1. Estaren situados a unha distancia mínima dun quilómetro de calquera explotación gandeira, coas seguintes excepcións:

a) Os situados anexos a centros de concentración, matadoiros e puntos de paraxe para o descanso de animais, tal como se definen, respectivamente, no Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, no Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, e no Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o transporte.

b) Os centros de limpeza e desinfección autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma antes da entrada en vigor deste real decreto, sempre e cando a xuízo dela a súa situación non supoña un risco sanitario.

c) Os centros de limpeza e desinfección construídos para daren servizo exclusivo a explotacións gandeiras ou asociacións gandeiras de calquera tipo, incluídas as agrupacións de defensa sanitaria.

d) Aqueles casos en que, por concorreren circunstancias específicas de aplicación ou factores de especial consideración, como a situación das explotacións ou a situación sanitaria específica da zona de que se trate, mediante norma o órgano competente da Comunidade Autónoma onde radique ese centro exima deste requisito.

2. Estaren situados nunha zona que non estea sometida a unha prohibición ou restricción de conformidade coa lexislación sanitaria vixente. No momento en que se declare unha epizootia e se restrinxan os movementos na zona onde estean situados, só poderán dar servizo ós vehículos desa zona.

3. Dispor dunha persoa que se responsabilice da escolla e dilución do desinfectante, da limpeza e desinfección dos vehículos e do control da documentación.

4. Cumpri-lo disposto no anexo II sobre equipamentos e instalacións.

### Artigo 4. *Funcionamento dos centros de limpeza e desinfección.*

1. Na realización das operacións de limpeza e desinfección deberanse respectar como mínimo as normas que recolle o anexo III.

2. No caso de aparición dunha epizootia poderanse establecer normas complementarias para a limpeza e desinfección, así como adoptar medidas semellantes para os vehículos de transporte de produtos relacionados coa produción animal.

3. Os equipamentos e instalacións dos centros de limpeza e desinfección utilizaranse unicamente para limpar e desinfectar os vehículos dedicados ó transporte de gando por estrada e os vehículos de transporte de pensos para a alimentación animal.

4. Poderán existir actividades complementarias ós centros de limpeza e desinfección, de carácter non gandeiro, sempre que non se interfira na cadea nin nas operacións de limpeza e desinfección do centro.

### Artigo 5. *Documentación.*

1. A realización das operacións de limpeza e desinfección en cada vehículo quedará xustificada mediante a emisión do certificado ou talón de desinfección no que figuren como mínimo os datos que figuran no anexo IV.

2. Unha vez desinfectado o vehículo, colocarse o oportuno precinto sobre el, no cal constará o número de certificado ou talón de desinfección. O citado certificado ou talón terá validez desde a precintaxe do vehículo ata a finalización do primeiro traslado de gando posterior á rotura do precinto.

3. A persoa responsable de asinalo documento sanitario de traslado dos animais de que se trate fará constar nel o número do citado certificado ou talón acreditativo da desinfección do vehículo.

4. Cada centro deberá levar un rexistro en soporte papel ou informático, que deberá conservarse e manterse ó dispor do órgano competente da comunidade autónoma durante ó menos tres anos, e conterá os seguintes datos mínimos:

- a) Matrícula do medio de transporte.
- b) Data e hora de finalización das tarefas.
- c) Sinatura do responsable do centro e selo do centro.
- d) Calquera observación ou incidencia apreciada durante as operacións de limpeza e desinfección.
- e) Desinfectante utilizado.

### Artigo 6. *Comunicación e rexistro das autorizacións.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as autorizacións concedidas, así como se se limitan a determinadas especies, categorías ou estatuto sanitario dos animais, e as actualizacións e, en especial, as suspen-

sións temporais ou revogación das autorizacións. Así mesmo, os órganos competentes comunicarán á citada Dirección Xeral de Gandería o resultado das inspeccións e controis periódicos realizados dentro de cada ano ós centros autorizados en cada comunidade autónoma.

2. A Dirección Xeral de Gandería levará un rexistro público, de carácter informativo, das autorizacións concedidas e comunicará a tódalas comunidades autónomas esas autorizacións e as súas sucesivas incidencias.

#### Artigo 7. *Limpeza e desinfección.*

1. A limpeza e desinfección de vehículos dedicados ó transporte de gando por estrada das especies que se recollen no anexo I soamente poderá realizarse nos centros autorizados conforme o disposto neste real decreto.

2. A limpeza e desinfección deberá realizarse no centro autorizado máis próximo ó lugar onde se procedese á descarga dos animais transportados.

#### Artigo 8. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto no presente real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952, no seu regulamento, aprobado polo decreto do 4 de febreiro de 1955, no artigo 103.2 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

#### Disposición adicional primeira. *Fomento dos centros de limpeza e desinfección.*

A Administración xeral do Estado poderá participar no financiamento das axudas que poidan establecer as comunidades autónomas para fomentaren a instalación de centros de limpeza e desinfección, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias e conforme o previsto no Real decreto 117/2001, do 9 de febreiro, polo que se establece a normativa básica de fomento dos investimentos para a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios, silvícolas e da alimentación.

#### Disposición adicional segunda. *Excepción da obriga de desinfección.*

Sen prexuízo do resto dos supostos establecidos pola normativa vixente en cada caso, non será obrigatorio proceder á desinfección do vehículo de transporte nos movementos de gando respecto dos cales non sexa esixible que se xunte documento sanitario, guía ou certificado de ningún tipo.

#### Disposición transitoria primeira. *Validez dos talóns existentes.*

Os talóns ou documentos análogos acreditativos da desinfección a utilización dos cales estea autorizada por unha comunidade autónoma con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, serán válidos e poderanse continuar a utilizar durante o período máximo de seis meses desde a data de entrada en vigor desta disposición, mesmo que no seu contido non figure algún ou algúns dos datos mencionados no número 1 do artigo 5 deste real decreto, salvo disposición en contrario da comunidade autónoma de que se trate.

#### Disposición transitoria segunda. *Período de adaptación dos centros.*

Os centros de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ó transporte de gando por estrada a que se refire este real decreto, que estean autorizados con anterioridade á súa entrada en vigor e incumpran algún ou algúns dos requisitos que nel se establecen, disporán dun período de adaptación máximo de seis meses.

#### Disposición transitoria terceira. *Solicitudes en tramitación.*

As solicitudes de autorización dos centros de desinfección a que se refire este real decreto que se presentasen antes da súa entrada en vigor e en relación cos cales non recaese aínda resolución firme en vía administrativa, resolveranse consonte o disposto na normativa vixente no momento de presentación da solicitude, ben que na resolución de concesión se incluíra un prazo para a adecuación do centro ó disposto na presente disposición.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

#### Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ó abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

#### Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Fomento para dictaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o cumprimento do disposto neste real decreto e, en concreto, para modificaren o contido dos seus anexos, logo de consulta-las comunidades autónomas.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ós cinco meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

### ANEXO I

#### Especies ás que se lles aplican as disposicións sobre limpeza e desinfección de vehículos

- a) Bovina.
- b) Porcina.
- c) Ovina.
- d) Caprina.
- e) Equina.
- f) Aves de curral.
- g) Coellos.
- h) Caza de granxa.
- i) Caza silvestre.

s

## ANEXO II

### Cráterios mínimos que deben reuni-los equipamentos e as instalacións

1. Cartel indicador na vía de entrada ou acceso ó recinto, onde se poida ler claramente que se trata dun centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte de animais.

2. Sempre que sexa posible, accesos distintos para a entrada e saída dos vehículos do centro.

3. Os accesos deben contar cun vao sanitario con desinfectante.

4. O recinto debe estar cerrado exteriormente e a súa superficie será cementada ou asfaltada en toda a área que ocupe o centro.

5. Contarase cunha área cuberta de carácter principal, cerrada ou aberta, onde se realizarán as operacións de limpeza e desinfección dos vehículos, estando separadas de forma clara as operacións "sucias" e "limpas" e procurándose un fluxo de materiais e servicios en liña recta.

6. Cando se realice unha primeira limpeza en seco dos vehículos, o centro deberá contar cos útiles necesarios para realizar unha correcta varredura e raspadura da cama e do esterco, así como cunha área de almacenamento dos residuos orgánicos sólidos.

7. Se é o caso, sistema de xestión dos residuos sólidos que se xeren na limpeza dos vehículos.

8. Instalación de auga corrente quente e fría cos seguintes equipamentos:

a) Mangueira que facilite o prelavado con suficiente caudal e presión para arrastra-la materia orgánica, sen producir salpicaduras.

b) Mangueira ou equipamento a presión para realiza-lo lavado con pouco caudal e con auga quente.

9. Equipamento de desinfección a presión para proceder á pulverización do desinfectante sobre o vehículo, con dispositivo para mestura-la auga e o desinfectante en proporcións adecuadas.

10. Plataforma con desnivel suficiente para permitir recolle-los líquidos procedentes da limpeza e desinfección dos vehículos.

11. Fosa para recolle-los efluentes xerados nas operacións de limpeza e desinfección que imposibilite que se difundan e que garanta que se eliminan adecuadamente.

12. Útiles para precintar e sela-las portas de acceso dos animais ó vehículo, unha vez concluídas as operacións de limpeza e desinfección.

13. Cando proceda, almacén para cama limpa.

14. Almacén para o material, ferramentas, maquinaria, almacenamento de produtos químicos, etc.

15. Local destinado a realiza-las funcións administrativas do centro.

## ANEXO III

### Normas para a realización das operacións de limpeza e desinfección

Durante as operacións de limpeza e desinfección deberase proceder do seguinte xeito:

1) Para unha primeira limpeza do vehículo consideraranse dúas opcións:

a) Limpeza en seco, eliminando toda a materia sólida varrendo e raspando calquera materia orgánica ou sólida que se encontre no vehículo, que se depositará nunha zona específica cuberta para a súa posterior eliminación ou aproveitamento.

b) Lavado con mangueira de auga a presión suficiente para arrastra-los sólidos, que serán recollidos nunha fosa para, posteriormente, eliminalos ou aproveitalos.

2) Segunda limpeza con auga a presión de todo o vehículo, incluíndo rodas, baixos e carrocería. A limpeza deberase realizar cos elementos móbiles do vehículo desmontados: pisos, separadores, gaiolas. A auga será recollida na fosa para, posteriormente, eliminala ou aproveitala.

3) Desinfección do vehículo pulverizando sobre as partes externas e a zona habilitada para o transporte de gando unha solución desinfectante autorizada, segundo a especie animal e a situación sanitaria da zona.

4) Precintaxe do vehículo; no precinto debe figura-lo selo do centro e o número do correspondente certificado ou talón.

O percorrido do vehículo debe ser cara adiante, sen retroceder cara ás zonas sucias polas que pasou. O vehículo debe ir sempre da zona sucia para a zona limpa.

O persoal do centro non se deberá mover directamente, sen toma-las medidas oportunas, da zona de limpeza á de desinfección de vehículos.

A limpeza con auga a presión e a desinfección débense realizar sempre comezando polo punto máis alto do vehículo e acabando polo máis baixo.

Os operarios do centro deberán ir equipados con vestiario adecuado ó labor que realizan (botas, funda anti-humidade, luvas, lentes protectores, gorros etc.).

**ANEXO IV****DATOS QUE DEBE INCLUÍ-LO CERTIFICADO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE DE GANDO<sup>1</sup> POR ESTRADA****Certificado nº**

Localización do centro de limpeza e desinfección (comunidade autónoma, provincia e concello) .....

Nº de rexistro.....

Matrícula do vehículo.....

Nome do transportista.....

Desinfectante utilizado.....

Data e hora de finalización das tarefas de limpeza e desinfección.....

D./D<sup>a</sup> ....., como responsable do centro de limpeza e desinfección de vehículos de animais co número de rexistro e localización antes mencionados, CERTIFICA que na data e hora estipuladas se procedeu no citado centro á limpeza e desinfección do vehículo que ten os datos que se consignan, co desinfectante que se menciona, así como á colocación dun precinto co selo do centro nas portas de acceso dos animais á estrutura de carga do vehículo.

O ..... de ..... de .....

Asdo.....




---

1 Animais das especies bovina, porcina, ovina, caprina, equina, aves de curral e coellos.

# MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

**13981** *REAL DECRETO 687/2002, do 12 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas. («BOE» 167, do 13-7-2002.)*

A Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, na súa disposición derradeira segunda autoriza o Consello de Ministros a dictar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan necesarias. Así mesmo, son cuantiosos os artigos da citada lei —artigos 1.2, 11.6 e 7, 12.3, 16.1.c) e 2, 18.1 e 4, 19.1, 30.2 e 4, 49.1, 82.2 e 4 e 86.2, entre outros— que prevén o seu desenvolvemento por vía regulamentaria. Para estes efectos, procedeuse á elaboración do regulamento de execución da lei, ordenándoo en oito títulos, tres disposicións adicionais e tres disposicións transitorias.

Este real decreto e o regulamento executivo que aproba dítanse ó abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista polo artigo 149.1.9.<sup>a</sup> da Constitución.

O título I destínase a regula-la solicitude de rexistro como conxunto de documentos esenciais non só para obte-la protección solicitada senón tamén para delimitar, fronte ós terceiros, os elementos constitutivos do dereito solicitado. Con esta finalidade establécense pormenorizadamente os requisitos que ten que cumpra-la identificación do solicitante, a reprodución do signo en que consista a marca e o seu ámbito de protección, é dicir, os produtos e servizos a que se aplicará no mercado. Dentro deste mesmo título regúlase a presentación da solicitude e a reivindicación dos dereitos de prioridade unionista e de exposicións (Convenio da Unión de París para a Protección da Propiedade Industrial do 20 de marzo de 1883), tamén como elementos esenciais do dereito solicitado, en canto fixan a data de nacemento deste, se a solicitude fose concedida, e, polo tanto, a preferencia ou prelación do dito dereito fronte a outros posteriores incompatibles con el.

O título II versa sobre o procedemento de rexistro e consta de seis capítulos, en consonancia coas seis fases procedementais fundamentais do rexistro dos signos distintivos. O capítulo I regula o exame de forma da solicitude, establecendo os distintos elementos que comprende o dito exame: requisitos relativos á data de presentación (documentación mínima), ás formalidades da solicitude e á lexitimación do solicitante. Prevese a posibilidade de que todos estes requisitos sexan examinados nun único acto e fíxanse as condicións en que os órganos competentes das comunidades autónomas teñen que remiti-la solicitude, con todo o actuado, á Oficina Española de Patentes e Marcas. O capítulo II regula o exame de licitude da marca solicitada, sen a superación do cal a solicitude de marca non poderá ser publicada por incorrer en defectos atinentes á orde pública ou os bos costumes. O capítulo III fixa detalladamente os elementos da solicitude de marca que teñen que ser publicados no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» para coñecemento e defensa, vía oposición, de posibles terceiros interesados. Previamente a esta publicación, a Oficina Española de Patentes e Marcas deberá ter efectuado unha busca de anterioridades respecto da solicitude presentada e, segundo os resultados desta busca, informar da publicación da nova solicitude ós titulares de signos anteriores que puidesen formular xustificadamente unha oposición contra ela. O capítulo IV establece os requisitos formais que deben concorrer na formulación do escrito

de oposición e os motivos que poden determina-la súa inadmisión. O capítulo V regula o exame de fondo e a resolución final do expediente, previndo o oportuno e preceptivo tramite de audiencia ó solicitante para a defensa da súa solicitude, no suposto de que esta tivese oposicións ou fose reparada de oficio pola Administración. Finalmente, o capítulo VI, referido ó rexistro da marca, establece as mencións e datos que teñen que constar na publicación da concesión da marca e no seu título rexistro.

O título III desenvolve todo o concernente á renovación do rexistro da marca: contido da solicitude, renovación solicitada por habente dereito e procedemento de renovación.

O título IV regula a transmisión da marca, outorgamento de licencias sobre ela, constitución de dereitos reais e demais modificacións de dereitos, así como o procedemento de inscrición, cancelación ou modificación destes dereitos ou negocios no Rexistro de Marcas.

O título V destínase exclusivamente a regula-la renuncia da marca, tanto total como parcial, e o procedemento da súa inscrición.

O título VI, marcas colectivas e de garantía e nomes comerciais, establece, en relación con estes signos distintivos, o principio normativo da aplicación, mutatis mutandis, das normas previstas no regulamento para as marcas individuais, precisando, non obstante, certas especificidades destas modalidades rexistradas e o contido do regulamento de uso e a súa modificación, no caso das marcas colectivas ou de garantía.

O título VII versa sobre certas solicitudes e procedementos propios e específicos das marcas internacionais e comunitarias. En concreto, desenvólvese o exame preliminar da solicitude de rexistro internacional e as solicitudes de transformación dos rexistros internacionais e marcas comunitarias.

O título VIII prevé as disposicións xerais sobre os distintos procedementos e consta de seis capítulos. O capítulo I precisa todo o referente á modificación da solicitude ou rexistro da marca, así como a rectificación de erros e os cambios de nome ou enderezo do interesado ou representante. O capítulo II regula a división da solicitude ou rexistro da marca, figura de novo cuño, imposta polo Tratado sobre o dereito de marcas do 27 de outubro de 1994 (ratificado por Instrumento de 13 de novembro de 1998). O capítulo III desenvolve a solicitude e o procedemento de restablecemento de dereitos, figura tamén novedosa, que se recibe do dereito comunitario de marcas e europeo de patentes. O capítulo IV destínase a precisar certos elementos referidos ás notificacións e comunicacións dos interesados, abríndose á nova sociedade da información. O capítulo V conságrase ó Rexistro de Marcas e á información ó público, establecendo minuciosamente os datos que teñen que inscribirse no dito rexistro e os diferentes modos en que os interesados poden acceder á información pública contida nel. Finalmente, o capítulo VI precisa determinadas cuestións relacionadas coa representación, debendo destacarse a admisión de poderes xerais de representación.

Pola súa parte, a disposición adicional primeira desenvolve a disposición adicional cuarta da lei, explicitando o sentido do vocábulo «trámite» dentro do ámbito dos procedementos en materia da propiedade industrial. A disposición adicional segunda, en desenvolvemento da disposición adicional sétima da lei, prevé a aplicación, mutatis mutandis, das disposicións do regulamento, referidas ó restablecemento de dereitos, ás demais modalidades de propiedade industrial. Finalmente, a disposición adicional terceira establece como principio xeral do cómputo dos prazos administrativos o previsto no artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime